

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/90-1
Entidade	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE PORTO DO SON E PORTOSÍN	
Plan explotación⁽¹⁾	SOLÉNIDOS	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

Especies	Navalla (<i>Ensis arcuatus</i>), Longueirón (<i>Ensis siliqua</i>) e Longueirón vello (<i>Solen marginatus</i>)
Ambito do plan	De punta Batuda ata río Sieira.
Subzonas de explotación	Zona 1.- de punta Batuda ata punta de O Pozo Zona 2.- de punta de O Pozo ata punta Corbeiro Zona 3.- de punta Corbeiro ata punta Magrío Zona 4.- de punta Magrío ata río Sieira

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
-	5	11
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		SI
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
-	1	2

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción						96						
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾ : mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación	Mergullador enrolado e a bordo/día
Navalla, longueirón, longueirón vello	-	-	15 kg

Artes a empregar	Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie
-------------------------	--

Puntos de control	Peiraos de Porto do Son e Portosín
Puntos de venda	Lonxas de Porto do Son, Portosín, Noia, Muros e Ribeira

Accións a realizar⁽⁷⁾	Épocas probables⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ámbito: Este plan preséntase para a explotación do recurso específico navalla e longueirón nas zonas de libre marisqueo do Sur da ría de Muros-Noia, incluídas no ámbito territorial das confrarías de Porto do Son e Portosín.

O deslinde co plan de explotación de solénidos presentado pola confraría de Noia é a liña imaxinaria que vai dende punta Batuda ata punta Uhía.

En condicións excepcionais e consensuadas por tódalas partes implicadas, as embarcacións incluídas neste plan poderán traballar na enseada de Esteiro, na zona denominada "O Pino", baixo as condicións establecidas no plan da confraría de Muros.

Participantes: O listado de embarcacións anexo ao plan inclúe un total de 5 embarcacións con 10 tripulantes, 4 asociadas á confraría de Porto do Son e 1 á confraría de Portosín, todas elas co recurso navalla-longueirón Z4 no seu permex e autorizadas para traballar neste plan.

Respecto ás cotas, sinalar que á embarcación asociada á confraría de Portosín, asígnanlle 2 cotas cando lle corresponden 3.

Ampliación: O estado destes recursos e o seguimento da súa explotación permiten aprobar a ampliación solicitada de 1 embarcacións e 2 habilitacións. A convocatoria farase en exclusiva para a Confraría de Portosín. A selección realizarase de conformidade co baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión de Recursos Mariños.

Días máximos de extracción: As mesmas razóns expostas no punto anterior, e o feito de que no plan en vigor esgotaron todos os días autorizados, aconsellan acceder ao incremento solicitado do número máximo de días de extracción a 96 días ao ano.

Puntos de control: No plan establécense puntos de control nos peiraos das dúas localidades, aínda que non se especifica a organización destes controis nin designan ás persoas responsables. O paso polo punto de control é obrigatorio para tódolos integrantes deste plan.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: "no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

mesmo propietario que a entrega”.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Xestión da explotación: A confraría de Porto do Son será a representante do plan na súa relación coa administración.

Horario: Non se aproba o horario de traballo proposto neste plan dado que non se axusta ao establecido no Decreto 424/93 no que o horario que rexe esta actividade se fixa de 8'00 a 14'00 horas.

Mergullo: Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

Plan de seguridade: Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2011.**

Plan de control: No caso particular do **emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente**, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os topes de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose **un ticket nominativo**.

Recomendacións para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.

Deberán **achegar**, con anterioridade ao inicio da actividade neste plan, a seguinte documentación:

- Certificación da aprobación do plan polos órganos de goberno da confraría de Portosín, así como documento da delegación á confraría de Porto do Son da representatividade do plan na súa relación coa administración.
- Sistema de funcionamento dos puntos de control e persoas responsables dos mesmos.